

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 20 ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PONTE AREAS V” A DESENVOLVER NOS CONCELLOS DE O CORGO, GUNTÍN E O PÁRAMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, AO ABEIRO DA ORDE DE 14 DE NOVIEMBRE DE 2025, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a contratación laboral temporal de formación e aprendizaxe de 20 ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PONTE AREAS VII A DESENVOLVER NOS CONCELLOS DE PÁRAMO, GUNTIN E O CORGO”.

A contratación está subvencionada pola Consellería pola Consellería de Emprego , Comercio e Emigración ao abeiro da Orde 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG nº228, do 25 de novembro de 2025)

Ocupación	Nº de postos	Servizo	Duración da Contratación
ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS	20	PONTE AREAS VII, A DESENVOLVER NOS CONCELLOS DE O CORGO, GUNTÍN E O PÁRAMO	9 Meses

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 11 da da Orde 14 de novembro de 2025 e na Circular de 17/04/2026 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación do emprego.

Formularase co persoal seleccionado un contrato mediante a modalidade de contrato 421 formación en alternancia, regulado no artigo 10.10 da orde de 14 de novembro de 2025.

### 2.- MODALIDADE DO CONTRATO.-

A modalidade do contrato de traballo temporal é de formación en alternancia coas cláusulas específicas do programa de Obradoiros Duais de Emprego, segundo o establecido no artigo 11 da Orde de referencia da pola Consellería de Emprego , Comercio e Emigración.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa.

De conformidade co establecido no artigo 4 da Instrucción emitida pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas,. Os alumnos/as-traballador/es seleccionados non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

### 3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

Para ser admitidas/os no proceso selectivo, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

En cumprimento do establecido na Orde reguladora das axudas, o persoal seleccionarse entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, segundo a oferta presentada ao afecto polo Concello de O Corgo. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do artigo 11 da devandita orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos dezaoito anos.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.
- Nivel profesional ata oficial 2ª inclusive.

Na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitasen este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas terán prioridade aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral con anterioridade á resolución da convocatoria, sempre que se encontren dentro dalgunha das especialidades que se vaian impartir no obradoiro.

Terán prioridade as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como as persoas paradas de longa duración, as persoas emigrantes retornadas, as meulleres en xeral, as mulleres vítimas de violencia de xénero, as persoas que esgotaran as prestacións de subsidios de desemprego, as persoas maiores de 52 anos, as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados profesionais de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que nestes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional, as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas con discapacidade semprepre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En ningún caso poderán participar as persoas que xa tiveran cursado o mesmo certificado profesional, con independencia de que o resultado fora de superado ou non superado.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuir os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data en que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Para a selección dos alumnos traballadores de Guntín e O Corgo remitirase a oferta de emprego á Oficina de Emprego de Lugo Sur; e para a de O Páramo á Oficina de Emprego de Sarria.

**EOCB0109: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción: 20 alumnos (7 no Corgo, 7 en Páramo e 6, en Guntín)**

#### **4.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN:**

Non cumprir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.



## **5.- OFERTA DE ACTIVIDADE.**

Unha vez aprobados os criterios de selección das persoas alumnas/os traballadoras/es que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaranse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe. Neste caso correspondéndolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de Becerreá.

### **OFERTA 1**

- Ámbito xeográfico: O Corgo
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0109, auxiliares de revestimentos continuos en construción. NIVEL 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: albanel, colocadores de ladrillo caravista, mamposteros, colocador de bloque prefabricado, albanel tabiquero, albanel de pedra construción, oficial de miras, xefe de equipo de fabricas de albanelería.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

### **OFERTA 2**

- Ámbito xeográfico: Guntín
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0109, auxiliares de revestimentos continuos en construción. NIVEL 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: albanel, colocadores de ladrillo caravista, mamposteros, colocador de bloque prefabricado, albanel tabiquero, albanel de pedra construción, oficial de miras, xefe de equipo de fabricas de albanelería.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

### **OFERTA 3**

- Ámbito xeográfico: Páramo
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidade formativa a cursar: **EOCB0109, auxiliares de revestimentos continuos en construción. NIVEL 1**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: albanel, colocadores de ladrillo caravista, mamposteros, colocador de bloque prefabricado, albanel tabiquero, albanel de pedra construción, oficial de miras, xefe de equipo de fabricas de albanelería.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

## **6.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 11 da Orde do 14 de novembro de 2025, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os candidatos/as deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación a correspondente oferta. Unha vez remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, publicarase a correspondente lista aos efectos que legalmente proceda, tanto no Taboleiro de Anuncios



do Concello de O Corgo, na páxina web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) e na sede electrónica: [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) e nos concellos asociados

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse nos mesmos lugares.

**Os/as candidatos/as desempregados/as deberán presentar no Rexistro do Concello do Corgo a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas), xunto co Anexo I-Modelo de solicitude, ata as 14 horas do día 13 maio de 2026.**

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados.

## **7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, así como da entrevista para a provisión dos 20 postos para alumnos/as – traballadores/as do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PONTE AREAS VII, A DESENVOLVER NOS CONCELLOS DE O CORGO, GUNTÍN E O PÁRAMO” estará composto por:

Presidente: D<sup>a</sup> Marta Jacob Trashorras

Vogais: D<sup>a</sup> Rocío Díaz Núñez, Miguel Angel Basadre Vázquez, D<sup>a</sup> Cruz Rodríguez Vázquez

Secretaria: D<sup>a</sup> Ana J. Fernández Reija

Suplente do Presidente: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Mar Marey Rodríguez

Suplentes dos vogais Estefanía Núñez López, Isacc Lence Franco, J.Luis López Díaz

Suplente do Secretario: D. Constantino Vila Abuín

A selección terá lugar o vindeiro **día 20 de maio de 2026 as 09:30 horas no Centro Sociocultural do Concello do Corgo**, segundo o seguinte detalle:

- ás 09:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo EOCH0109 auxiliares de revestimentos continuos en construción de O Corgo.
- ás 10:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo EOCH0109 auxiliares de revestimentos continuos en construción de Guntín
- ás 11:30 horas para persoas alumnas traballadoras do módulo EOCH0109 auxiliares de revestimentos continuos en construción de O Páramo.

O Tribunal cualificador non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando conorra algunha das causas presentes na vixente lexislación.

Os membros do Tribunal Cualificador valorarán a entrevista a realizar polos/as demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificados polos solicitantes. Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lles presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección. Tolo elo sen prexuízo do que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

## **8.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-**

As actividades selectivas terán por finalidade determinar a adecuación das persoas candidatas aos postos de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e unha valoración de méritos.

### **a) ENTREVISTA 14 puntos**

O Tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral



coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 14 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal avaliador procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora. Prepararán a relación das persoas admitidas e excluídas para participar como alumnos/as traballadores/as no obradoiro de emprego, sinalando neste último suposto os motivos da exclusión, facendo constar para cada un deles a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos.

Esta relación será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

### **b) MÉRITOS 35 puntos**

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto nas bases, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, en base os seguintes criterios. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de 35 puntos.

O Tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello do Corgo e na páxina web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) e na sede electrónica: [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) a efectos de posibles reclamacións durante un período de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

De conformidade co establecido no artigo 4 da Instrucción emitida pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o emprego, terán prioridade en todo caso as persoas candidatas que non participaran un obradoiro/programa de formación de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. **As persoas candidatas que non participaran nas últimas cinco convocatorias obterán unha puntuación de o menos dun 25% sobre a puntuación da fase do baremo .**

## **9.- LISTA DE APROBADOS.-**

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica: [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) e na páxina web do Concello do Corgo: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com) a lista definitiva por orde de puntuación obtida (suma da entrevista persoal e a valoración de méritos).

No caso de empate, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- ✓ - Maior tempo como desempleado.
- ✓ - A persoa de maior idade.

O Tribunal cualificador, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizárase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

**O tribunal asinará a Acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.**

## **10.- SELECCIÓN E NOMEAMENTO.-**

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica: [concellodocorgo.sedelectronica.gal](http://concellodocorgo.sedelectronica.gal) e na páxina web do Concello do Corgo: [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com),



no que se ordenarán os candidatos por orde de puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, que procederá a ditar resolución ao respecto e a formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

## **9.- DISPOSICIÓN FINAL.-**

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición contencioso-administrativa.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade con establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello do Corgo e na páxina web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) ante o Alcalde do Concello do Corgo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello do Corgo e na súa páxina web ([www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que puidese considerar mais conveniente para o seu dereito.

Tocante ao previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

(documento asinado dixitalmente ó marxe deste documento)

O ALCALDE

Felipe Labrada Reija



## **ANEXO I -MODELO DE SOLICITUDE**

D/a.....con D.N.I. nº..... con enderezo  
(para efectos de notificacións)  
na R/.....nº.....piso.....  
C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono....., correo electrónico.....

Recibida a oferta da Oficina de Emprego de Lugo e Sarria para participar na selección de persoal para o Obradoiro de Emprego Ponte de Areas VII promovido polo Concello do Corgo e coa participación dos Concellos de Guntín e O Páramo para a contratación laboral temporal a tempo completo de 20 prazas de ALUMNOS/AS -TRABALLADORES do Obradoiro de Emprego.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Corgo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Polo exposto **SOLICITO** rexistar a documentación seguinte para a valoración de méritos:  
(TACHAR O QUE PROCEDA)

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego
- Prestación de desemprego (certificación ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, ou calquera outro válido en dereito que acredite esta circunstancia).
- Tempo de inscrición como demandante de emprego.- Certificado períodos de inscrición.
- Categoría Profesional no traballo .-Xustificante da Vida Laboral.
- Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.- Xustificación: certificado dos servizos sociais do concello ou entidade local respectiva ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social).
- Formación académica: Xustificación: Título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia.
- Responsabilidades familiares/Unidade familiar de convivencia. Xustificación: libro de familia ou certificado de convivencia do Concello ou calquera outro documento válido en dereito.
- Outros: (especificar)

.....  
.....

....., ..... de.....de 2026  
O/A solicitante,

Asdo.:\_\_\_\_\_

**“NOTA: os datos obtidos serán tratados de conformidade coas disposicións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, respectodas cales a persoa aspirante poderá exercer os dereitos previstos nos mesmos**



SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO



## ANEXO II. BAREMACIÓN.

	PUNTOS
<b>1. MULLERES</b>	
MULLERES VICTIMAS DE VIOLENCIA DE XENERO 1	4
MULLERES NON PUNTUADAS NO APARTADO ANTERIOR	1
<b>2. IDADE</b>	
maiores de 52	4
30-52	3
18-29	2
<b>3. DISCAPACIDADE</b>	
MINUSVALIA >=33%	1
<b>4. PROTECCIÓN DE DESEMPREGO</b>	
PERCEPTORES DE DESEMPREGO	1
PERCEPTORES DE SUBSIDIOS RAI SED	2
NON PERCEPTORES	3
<b>5. TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO (sg. Vida laboral)</b>	
de 0 a 12 meses	1
De 12 a 18 meses	2
máis de 18 meses	3
<b>6. CATEGORIA PROFESIONAL (do último traballo sg. Vida laboral)</b>	
AUTÓNOMOS	1
GC do 1 ao 7	1
GC do 8 ao 10	2
sen emprego anterior	3
<b>7. PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO EXCLUSIÓN SOCIAL</b>	
RISGA	1
<b>8. FORMACIÓN ACADÉMICA</b>	
SIN ESTUDIOS OU ESTUDIOS PRIMARIOS	4
GRADUADO EN ESO	3
BACHARELATO/BUP, FP CICLO MEDIO E CERTIFICADO PROFESIONALIDAD NIVEL 2 OU 3	2
TITULOS UNIVERSITARIOS E DE FP CICLO SUPERIOR	1
<b>9. RESPONSABILIDADES FAMILIARES/ UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA</b>	
UNIDADE FAMILIAR DE 4 OU MÁIS MEMBROS	1
MONOPARENTAL CON FILLOS	1
<b>10. OUTROS</b>	
IPI CON ANTERIORIDADE A RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA (17/04/2026)	1
<b>11. OUTROS</b>	
EMPADROADO NOS CONCELLOS DE O CORGO, GUNTÍN E O PÁRAMO	1
<b>12. AS PERSOAS CANDIDATAS QUE NON PARTICIPARAN NAS ÚLTIMAS CINCO CONVOCATORIAS OBTERÁN UNHA PUNTUACIÓN</b>	9

(Obterán 1 punto os empadroados na data de aprobación das bases nos concellos aos que se refire o ámbito xeográfico de cada oferta de emprego, é dicir, empadroados no Corgo para a oferta 1, empadroados en Guntín para as ofertas 2 e 4 e empadroados en O Páramo para as ofertas 3 e 5)



### Modo de Xustificación:

- **Prestación de desempleo** (certificación ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, ou calquera outro válido en dereito que acredite esta circunstancia).
- **Tempo de inscrición como demandante de emprego.**- Certificado períodos de inscrición.
- **Categoría Profesional no traballo inmediatamente anterior.**- Certificado da Vida Laboral.
- **Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:** Certificado dos servizos sociais do concello ou entidade local respectiva ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.
- **Formación académica:** Título académico, certificación académica ou calquera outro documento válido en dereito que acredite esta circunstancia.
- **Responsabilidades familiares/Unidade familiar de convivencia (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores discapacitados ou menores acollidos):** libro de familia ou certificado de convivencia do Concello ou calquera outro documento válido en dereito

